

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1621 *REAL DECRETO 62/2006, do 27 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. («BOE» 28, do 2-2-2006, e «BOE» 43, do 20-2-2006.)*

A sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 9 de setembro de 2004, sobre o Asunto C-195/02, declara que o Reino de España incumpriu as obrigas que lle incumben en virtude da Directiva 91/439/CEE, do Consello, do 29 de xullo de 1991, sobre o permiso de condución, ao adoptar os artigos 22 a 24 e 25.2 así como a disposición transitoria sétima do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, en canto obrigan os nacionais de Estados membros da Unión Europea que adquiriran a súa residencia en España a inscribiren os seus permisos nas xefaturas provinciais de tráfico correspondentes. A devandita inscrición, a xuízo da sentenza, só pode ter carácter facultativo e non obrigatorio.

Para estes efectos, modifícanse os preceptos citados co único obxectivo de lle dar cumprimento á sentenza e prever neles o procedemento para a inscrición voluntaria dos permisos.

Por outra parte, a aprobación da Lei 17/2005, do 19 de xullo, pola cal se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria, fai necesaria a modificación do Regulamento xeral de condutores, como se indica expresamente na súa disposición derradeira primeira, para adecualo ás modificacións introducidas por esa lei.

En concreto, é prioritario adaptar o dito regulamento ás novidades do sistema do permiso e da licenza de condución por puntos para facer posible a súa implantación. Para iso é necesario, por unha parte, incorporar a perda total dos puntos asignados como causa para a declaración da perda de vixencia da autorización para conducir e, por outra parte, determinar as probas que deberán realizar os titulares dos permisos e licenzas de condución para obteren novamente unha autorización para conducir tras a perda do total do crédito de puntos, unha vez que realízen e superasen con aproveitamento, como requisito previo, o curso de sensibilización e reeducación viaria regulado na Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo, pola cal se regulan os cursos de sensibilización e reeducación viaria para os titulares dun permiso ou licenza de condución.

Por último, a realización desta proba e, consecuentemente, a de todas as probas de control de coñecementos, farase por un procedemento informatizado, máis na liña do que debe ser unha Administración moderna, áxil e segura. Resulta imprescindible e urxente traducir o cada vez máis amplo contido dos programas das probas de control de coñecementos para a obtención das autorizacións administrativas para conducir en preguntas claras e comprensibles para todos os aspirantes, calquera que sexa o seu nivel cultural, e poder confeccionar os cuestionarios de exame en forma individualizada para cada un daqueles, substituíndo en breve prazo o exame teórico escrito, pouco práctico e excesivamente vulnerable ás novas tecnoloxías da comunicación, por un sistema informatizado, similar ao existente na maioría dos Estados membros da Unión Europea.

O Consello Superior de Tráfico e Seguridade da Circulación Viaria emitiu informe deste real decreto, de conformidade co disposto no artigo 5, e) do Real decreto

317/2003, do 14 de marzo, polo cal se regula a organización e funcionamento do Consello Superior de Tráfico e Segurancia da Circulación Viaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xaneiro de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.*

O Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, queda modificado como segue:

Un. O artigo 22 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 22. *Aplicación da normativa española aos permisos expedidos polos Estados membros da Unión Europea cando o seu titular adquirise a residencia normal en España.*

O titular dun permiso de condución expedido nun dos Estados membros da Unión Europea que adquirise a súa residencia normal en España quedará sometido ás disposicións españolas relativas ao seu período de vixencia e de control das súas aptitudes psicofísicas, que serán as mesmas que se establecen no artigo 16 para os permisos expedidos en España.»

Dous. O artigo 23 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 23. *Inscrición dos permisos expedidos en Estados membros da Unión Europea no Rexistro de condutores e infractores.*

1. Os titulares de permisos de condución expedidos en Estados membros da Unión Europea que adquirisen a súa residencia normal en España, sen prexuízo do disposto no artigo anterior, poderán solicitar voluntariamente en calquera xefatura provincial de tráfico a anotación dos datos do seu permiso no Rexistro de condutores e infractores.

2. Á solicitude de inscrición, suscrita polo interesado, xuntaráse fotocopia do permiso de condución cuxos datos se queiran inscribir xunto co documento orixinal que será devolto unha vez cotexado, así como o documento que proceda dos sinalados no artigo 15.2.a).»

Tres. O artigo 24 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 24. *Permisos expedidos en Estados membros da Unión Europea que non habilitan para conducir en España.*

Non habilitan para conducir en España:

a) Os permisos cuxo titular non se sometese ao recoñecemento das súas aptitudes psicofísicas nos prazos establecidos pola normativa española, ata o momento que o faga. Se transcorre un prazo superior ao de catro anos, contado desde a data en que debeu pasar o recoñecemento, o permiso non será válido para conducir en España, circunstancia que se fará constar no Rexistro de condutores e infractores e, se é o caso, no propio permiso.

b) Os permisos cuxo titular non supere o correspondente recoñecemento, circunstancia que igualmente se fará constar tanto no rexistro como, se é o caso, no permiso.

c) Os permisos cuxo período de vixencia vencese.»

Catro. O artigo 25 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Substitución do permiso expedido nun Estado membro da Unión Europea en caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal polo correspondente español.*

1. En caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal, o titular dun permiso expedido nun destes Estados que teña a súa residencia normal en España poderá solicitar a expedición dun duplicado en calquera xefatura provincial de tráfico, que llo outorgará sobre a base da información que, se é o caso, conste no Rexistro de condutores e infractores, completada ou suplida, de ser necesario, cun certificado das autoridades competentes do Estado que expedise aquel.

Á solicitude de duplicado xuntaránselle os documentos exixidos no artigo 19.2.a), b) e c).

2. O titular dun permiso de condución ao cal se lle expedise duplicado por subtracción ou extravío deberá devolverlle o orixinal deste, cando o encontre, á xefatura provincial de tráfico que expedise o duplicado, a cal procederá conforme se indica no artigo 29.»

Cinco. O artigo 39 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 39. *Perda de vixencia do permiso ou licenza de condución.*

1. Con independencia do disposto no artigo anterior, a vixencia das autorizacións para conducir estará condicionada a que o seu titular manteña os requisitos exixidos para o seu outorgamento e a que non perdesa a súa asignación total de puntos.

2. As xefaturas provinciais de tráfico procederán a declarar a perda de vixencia das autorizacións administrativas para conducir cando, despois de outorgadas, se acredite que desapareceron os requisitos exixidos para obtelas ou cando teñan constancia de que o titular da autorización perdeu a totalidade do seu crédito de puntos, unha vez que se anotase no Rexistro de condutores e infractores a última sanción firme en vía administrativa que supoña a perda dese crédito.»

Seis. Incorpórase un artigo 41 bis.

«Artigo 41.bis. *Procedemento para a declaración de perda de vixencia pola perda total dos puntos asignados.*

1. A xefatura provincial de tráfico, unha vez constatada a perda polo titular do permiso ou da licenza de condución da totalidade dos puntos asignados, iniciará, mediante acordo, o procedemento para declarar a perda de vixencia do citado permiso ou licenza de condución, que conterá unha relación detallada das resolucións firmes en vía administrativa que desen lugar á perda dos puntos, con indicación do número de puntos que a cada unha delas lle correspondese. No dito acordo con-

cederáselle ao interesado un prazo máximo de dez días para formular as alegacións que considere convenientes.

2. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, o xefe provincial de tráfico ditará resolución declarando a perda de vixencia do permiso ou da licenza de condución, que se lle notificará ao interesado no prazo de quince días, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O titular da autorización para conducir cuxa perda de vixencia fose declarada poderá obter novamente un permiso ou licenza de condución da mesma clase daquel de que era titular, logo de realización e superación con aproveitamento dun curso de sensibilización e reeducación viaria de recuperación do permiso ou a licenza de condución e posterior superación da proba de control de coñecementos a que se refire o anexo VIII.

4. O titular da autorización non poderá obter un novo permiso ou unha nova licenza de condución ata que transcorresen seis meses desde a data en que foi notificado o acordo de declaración da perda de vixencia, salvo os condutores profesionais, para os cales este prazo será de tres meses.

Se nos tres anos seguintes á obtención desa nova autorización se acordase a súa perda de vixencia por ter perdido outra vez a totalidade do crédito de puntos asignados, o titular daquela non poderá obter un novo permiso ou licenza de condución ata transcorridos doce meses desde a notificación do acordo de declaración de perda de vixencia, salvo os condutores profesionais, para os cales este prazo será de seis meses.

5. A competencia para declarar a perda de vixencia das autorizacións administrativas para conducir por ter perdido a totalidade do crédito de puntos asignados correspóndelle ao xefe de tráfico da provincia correspondente ao domicilio do titular da autorización.»

Sete. O punto 3 do artigo 44 queda redactado da seguinte maneira:

«3. As probas de control de coñecementos comprenderán:

a) Proba de control de coñecementos común a todo permiso de condución.

b) Proba de control de coñecementos específicos.»

Oito. As letras b) e c) do número 2 e o número 3 do artigo 51 quedan redactadas da seguinte maneira:

«b) Os de permiso de condución das clases C1 e C, unha proba de control de coñecementos específicos sobre as materias a que se refiren as letras a) á w), ambas as dúas inclusive, do punto 2.2.^a

c) Os de permiso de condución das clases D1 e D, unha proba de control de coñecementos específicos sobre as materias a que se refiren as letras a) á h), ambas as dúas inclusive, do punto 2.3.^a

3. Os que soliciten autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 realizarán unha proba de control de coñecementos específicos sobre as materias a que se refire o artigo 48.3.b) e c).»

Nove. O artigo 56 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 56. *Forma de realizar as probas de control de coñecementos.*

1. As probas de control de coñecementos faranse de modo que se garanta que o aspirante posúe os coñecementos adecuados. Con carácter xeral, realizaranse por procedementos informáticos.

O aspirante seleccionará a resposta que considere correcta entre as propostas para cada pregunta.

2. O número de preguntas formuladas será:

a) Na proba de control de coñecementos común a todo permiso, calquera que sexa a súa clase, un mínimo de 30 preguntas e un máximo de 50.

b) En cada unha das probas de control de coñecementos específicos, un mínimo de 16 preguntas e un máximo de 40.

c) Na proba de control de coñecementos para obter licenza de condución, un mínimo de 16 preguntas e un máximo de 40.»

Dez. O artigo 57 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 57. *Cualificación das probas e período de vixencia destas.*

1. As probas, tanto as de control de coñecementos como as de control de aptitudes e comportamentos, serán cualificadas de apto ou non apto. A declaración de aptitude nunha proba terá un período de vixencia de dous anos, contado desde o día seguinte a aquel en que o aspirante foi declarado apto na proba.

As probas serán eliminatorias. Aqueles que non superasen as de control de coñecementos non poderán realizar a de control de aptitudes e comportamentos en circuíto cerrado e, aqueles que non superasen esta, non poderán realizar a de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, a cualificación das probas axustarase aos criterios que se establecen no anexo V.»

Once. Incorpórase unha disposición adicional décima.

«Décima. *Condicións básicas e de accesibilidade para as persoas con discapacidade.*

Nos cursos de sensibilización e de reeducación viaria, así como na realización das probas de control de coñecementos, efectuados por procedementos informáticos, teranse en conta as limitacións das persoas con discapacidade.»

Doce. *Queda sen contido a disposición transitoria sétima.*

Trece. Incorpórase unha disposición transitoria décimo sexta.

«Décimo sexta. *Implantación progresiva das probas de control de coñecementos por procedementos informáticos.*

A implantación das probas de control de coñecementos por medios informáticos efectuarase de forma progresiva, en función da adaptación das aulas dos correspondentes centros de exame ás

condicións técnicas exixidas pola natureza dos procedementos informáticos utilizados.»

Catorce. O anexo III queda redactado da seguinte maneira:

«ANEXO III

Probas que deberán realizar os solicitantes de permiso ou licenza de condución segundo a clase de permiso ou licenza solicitados

Clase de permiso	Probas				
	Aptitude psicofísica	Control de coñecementos		Control de aptitudes e comportamentos	
		Común	Específica	En circuíto pechado	En circulación
A1	X	X	X	X	
A	X	X	X	X	X
B	X	X		X	X
B+E	X	X	X	X	X
C1	X	X	X	X	X
C1+E	X	X	X	X	X
C	X	X	X	X	X
C+E	X	X	X	X	X
D1	X	X	X	X	X
D1+E	X	X	X	X	X
D	X	X	X	X	X
D+E	X	X	X	X	X
BTP (1)	X	X	X	X	X
LCC (2)	X		X		
LCM (3)	X		X	X	
LVA (4)	X		X	X	

(1) BTP: autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 deste regulamento.

(2) LCC: licenza para conducir ciclomotores.

(3) LCM: licenza para conducir vehículos para persoas con mobilidade reducida (coches de minusválido).

(4) LVA: licenza para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e conxuntos destes cuxa masa ou dimensións máximas autorizadas non excedan os límites establecidos para os vehículos ordinarios.

Quince. A letra A) do anexo VI queda redactada da seguinte maneira:

«A) O tempo destinado á realización das probas de control de coñecementos a que se refiren os artigos 51 e 71 e concordantes será de 1 minuto por pregunta.

En determinados casos especiais, debidamente xustificadas, poderase ampliar o dito tempo.»

Dezaseis. Incorpórase un anexo VIII.

«ANEXO VIII

Da proba de control de coñecementos para a recuperación do permiso ou licenza de condución

1. O titular dunha autorización para conducir cuxa perda de vixencia fose declarada como consecuencia da perda total dos puntos asignados, para obter unha autorización administrativa para conducir da mesma clase da cal era titular, terá que superar unha proba de control de coñecementos sobre as materias comprendidas no punto oitavo da Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo, pola cal se regulan os cursos de sensibilización e reeducación viaria para os titulares dun permiso ou licenza de condución.

Previamente, deberá ter realizado e superado con aproveitamento o curso de sensibilización e reeducación viaria para a recuperación do permiso ou a licenza de condución, que se regula na citada Orde INT/2596/2005.

2. O interesado poderá dirixirlle a solicitude para a realización da proba de control de coñecementos a calquera xefatura provincial de tráfico, utilizando para iso o modelo que para tales efectos proporcionará o dito organismo.

Coa solicitude subscrita polo interesado e logo do aboamento da correspondente taxa, deberanse presentar os documentos a que se refire o artigo 15.2.a), b) e c) deste regulamento, así como copia da certificación prevista no anexo b) da Orde INT/2596/2005.

3. A data da proba será fixada, por petición do interesado, pola xefatura provincial de tráfico á cal se dirixa a solicitude, de acordo coa dispoñibilidade desta. A non-presentación á proba dará lugar á perda da convocatoria, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas.

4. A proba realizarase no centro de exames que determine a xefatura provincial de tráfico á cal se dirixise a solicitude, na forma que se establece no artigo 56. O número de preguntas para esta proba será dun mínimo de 30 e un máximo de 50 e o tempo destinado para a súa realización será de 1 minuto por pregunta.

5. Para ser declarado apto, o número de erros permitidos non poderá ser superior ao 10 por cento do total de preguntas formuladas.

6. Unha vez declarado apto, a xefatura provincial de tráfico expedirá un permiso ou licenza de condución da mesma clase daquel de que era titular e coa mesma antigüidade.

7. Aqueles que non superen a proba en primeira convocatoria, poderanse presentar novamente ata un máximo de dúas ocasións.

Como requisito previo para poderse presentar a cada unha destas, deberán realizar un ciclo formativo de catro horas de duración no mesmo centro onde se realizou o curso de sensibilización e reeducación viaria para a recuperación do permiso ou da licenza de condución. O ciclo formativo versará sobre as mesmas materias que o dito curso, e para acreditar a súa superación o centro expedirá unha certificación que presentará o interesado como requisito previo para poder realizar a proba.

8. Esgotadas as tres convocatorias sen superar a proba de control de coñecementos, para obter unha nova autorización administrativa para conducir deberá realizar un novo curso e superar a proba de control de coñecementos, de acordo co previsto no punto 1 deste anexo.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A modificación dos artigos 22, 23, 24 e 25 e a supresión da disposición transitoria sétima entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación deste real decreto no Boletín Oficial del Estado.

A modificación do artigo 39, o novo artigo 41 bis e o novo anexo VIII entrarán en vigor o día 1 de xullo de 2006.

A modificación dos artigos 44, 51, 56 e 57, e a dos anexos III e VI, entrará en vigor ao mes da publicación deste real decreto no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 27 de xaneiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

(Este Real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 43, do 20 de febreiro de 2006.)

MINISTERIO DE FOMENTO

1766 *ORDE FOM/191/2006, do 24 de xaneiro, pola que se actualizan os anexos do Real decreto 1861/2004, do 6 de setembro, sobre as prescricións específicas de estabilidade aplicables aos buques de pasaxe de transbordo rodado.* («BOE» 30, do 4-2-2006.)

O Real decreto 1861/2004, do 6 de setembro, sobre as prescricións específicas de estabilidade aplicables aos buques de pasaxe de transbordo rodado, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 2003/25/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de abril de 2003.

O artigo 10 da citada directiva determina que os seus anexos poderán modificarse para ter en conta a evolución da situación do contexto internacional, en particular no seo da Organización Marítima Internacional (OMI).

Mediante a Resolución MSC 141(76), do Comité de Seguridade Marítima da OMI, do 5 de decembro de 2002, introduciuse unha versión revisada do método de ensaio con modelo e as notas de orientación estipuladas na Resolución 14 da Conferencia de 1995 sobre o Convenio SOLAS (Convenio Internacional para a Seguridade da Vida Humana no Mar). A Resolución 14 fai referencia aos acordos rexionais sobre prescricións específicas de estabilidade aplicables aos buques de pasaxe de transbordo rodado.

Desta maneira, a Directiva 2005/12/CE, da Comisión, do 18 de febreiro de 2005, modificou os anexos I e II da Directiva 2003/25/CE, adaptando tales anexos ao establecido na Resolución MSC 141(76).

A disposición derradeira segunda do Real decreto 1861/2004, do 6 de setembro, habilita expresamente o titular do Ministerio de Fomento para modificar o contido dos seus anexos, á vista da experiencia e do progreso técnico.

Por esta razón, a modificación dos mencionados anexos realízase mediante norma con rango de orde ministerial, que vén así incorporar ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2005/12/CE, do 18 de febreiro de 2005.

Na tramitación desta orde formalizáronse as consultas e os informes preceptivos exixidos pola lexislación vixente; isto é, o informe da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Fomento e, en particular, o trámite de audiencia concedido ás organizacións e asociacións interesadas.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a marinha mercante.